

Resolución RA 1/2026 Impugnación Nota de Peche no Expediente Reservas de cámping de Ons con transporte incluído.

En Pleno.

D. Ignacio López-Chaves Castro, presidente

D. Daniel Neira Barral, secretario/vogal

Dna. María Teresa Cancelo Márquez, vogal

En Santiago de Compostela, a 8 de xaneiro de 2026.

O Pleno da Comisión Galega da Competencia (en diante CGC) coa composición arriba indicada e sendo relator D. Ignacio López-Chaves Castro dita a presente Resolución pola que se resolve o recurso do art. 47 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de Defensa da Competencia (en diante LDC) interposto por NAVIERA MAR DE ONS S.L. (en diante MAR DE ONS) contra a decisión da Subdirección de Investigación da Comisión Galega da Competencia do 2 de outubro de 2025 pola que se acordou a nota de peche da vixilancia da Resolución 8/2019.



1.- ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. - En data 15 de outubro de 2025 D.J.C.N.S., con D.N.I. **.***.***-*, actuando en nome e representación de NAVIERA MAR DE ONS, S.L., con C.I.F. B36194066, presentou escrito polo que interpoñía recurso en virtude do artigo 26.1 do Regulamento de Réxime Interno da Comisión Galega da Competencia e do artigo 47 da Lei de Defensa da Competencia (en diante LDC) contra a nota de peche VPR 1 2025 Reservas cámping Ons con transporte incluído-2 con data do 2 de outubro de 2025 da Subdirección de Investigación (en diante SUBDIC).

Na nota de peche, a SUBDIC considerou que non procedía iniciar a vixilancia da Resolución 8/2019 da CGC, por non apreciar un incumprimento do resolve quinto da mesma por NAVIERA ILLA DE ONS, S.L. (Naviera Nabia), VIAJES ILLA DE ONS, S.L. e INICIATIVAS TURÍSTICAS DE ONS, S.A., senón condutas novas que nou eran obxecto de sanción na citada resolución.

O artigo 24 do Real Decreto 261/2008, do 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de Defensa da Competencia (RDC) sinala que unha vez presentado o recurso administrativo contra as resolucións e actos ditados pola Dirección de Investigación (no noso caso pola SUBDIC) ante o Consello da Comisión Nacional da Competencia (no noso caso ante o Pleno da CGC) este instará á Dirección de Investigación para que lle remita copia do expediente xunto co seu informe no prazo de cinco días.

Segundo. - Con data 31 de outubro de 2025 o Pleno da CGC unha vez acreditado que o recurso fora interposto en prazo, acordou requirir á SUBDIC que conforme ao previsto no art. 47 da LDC remitise no prazo de cinco días copia do Expediente S 3/2019 Reservas de Cámping de Ons con transporte incluído (2) así como o Informe previsto no art. 24 do Real Decreto 261/2008, do 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de Defensa da Competencia (en diante RDC). Así mesmo acordou que unha vez recibido o referido expediente se lle dese traslado do mesmo aos interesados e do recurso conforme ao previsto no art. 47 da LDC e o art. 24 do RDC.

Estes acordos foron notificados aos interesados



Terceiro.- Con data 14 de novembro de 2025 a SUBDIC remitiu ao Pleno o Informe previsto no art. 24 do RDC así como copia completa do expediente S 3/2019 Reservas de Cámping de Ons que foron notificados e postos ao dispor dos interesados.

No devandito Informe a SUBDIC considera que non se produciría indefensión ou prexuízos irreparables a dereitos ou intereses lexítimos da recorrente, co que o recurso interposto por NAVIEIRA MAR DE ONS S.L. non reuniría os requisitos esixidos polo artigo 47 da LDC e, en consecuencia, debería de ser inadmitido de pleno.

Cuarto.- Con data 12 de decembro de 2025, NAVIERA ILLA DE ONS, S.L. (Naviera Nabia), VIAXES ILLA DE ONS, S.L. e INICIATIVAS TURÍSTICAS DE ONS, S.A. presentaron escrito de alegacións ao Informe da SUBDIC do 14 de novembro de 2025.

Quinto.- Con data 18 de decembro de 2025 NAVIERA MAR DE ONS, S.L. presentou escrito de alegacións ao Informe da SUBDIC do 14 de novembro de 2025.

Sexto.- Con data 8 de xaneiro de 2026 o Pleno reuniuse para deliberar e aprobar esta Resolución.

2. FUNDAMENTOS DE DEREITO

2.1.- Obxecto da Resolución, pretensións da recorrente e motivos do recurso

2.1.1.- Obxecto da Resolución

Na presente Resolución este Pleno deberá pronunciarse sobre o recurso do art. 47 da LDC interposto por NAVIERA MAR DE ONS, S.L., contra a nota de peche VPR 1 2025 Reservas cámping Ons con transporte incluído-2 con data do 2 de outubro de 2025 da SUBDIC.

2.1.2.- Pretensións do recorrente

NAVIERA MAR DE ONS, S.L. solicita que se dite nova resolución na que se anule o acto recorrido, resolvendo acordar que pola SUBDIC se leven a cabo todas as actuacións precisas para vixiar o cumprimento da resolución 8/2019



2.1.3.- Motivos do recurso

Argumenta NAVIERA MAR DE ONS, S.L. no seu escrito distintos motivos polo que presenta este recurso do art. 47 da LDC.

Alega NAVIERA MAR DE ONS que non presentou unha denuncia por infracción do artigo 2 da LDC. Alega que o acto de arquivo ou "NOTA DE PECHE" das actuacións realizadas pola SUBDIC non foi ditado polo Pleno da CGC, polo que considera que estaríamos, ante un acto ou resolución administrativa ditada por un órgano manifestamente incompetente por razón da materia, polo que conforme dispón o art. 47.1.b) da LPAC ha de considerarse coma se nunca existira.

Alega que NAVIERA MAR DE ONS non solicitou a apertura do procedemento de vixilancia da Resolución 8/2019. Considera que entre as facultades da SUBDIC en materia de vixilancia son de mera instrución debendo levar a cabo todas as actuacións precisas para vixiar o cumprimento da resolución e elevar ao Pleno a proposta de cumprimento ou incumplimento que proceda xa que considera que unicamente o Pleno da CGC pode acordar o peche do procedemento de vixilancia dunha resolución de aplicación da LDC.

Alega tamén que o acto obxecto de Recurso pon fin a unhas actuacións reservadas insuficientes e inadecuadas e que carece de pé de recurso.

En canto á indefensión e aos prexuízos irreparables NAVIERA MAR DE ONS unicamente indica que ao ser a Nota de Peché ditada pola SUBDIC un acto administrativo nulo, o mesmo cáusalle indefensión e prexuízos irreparables e así afirma

"En definitiva, sendo un acto administrativo radicalmente nulo, que causa indefensión e prexuízos irreparables para dereitos ou intereses de Naviera Mar de Ons S.L.,(...)" (p.5)

2.2.- Informe da subdirección de investigación e alegacións.

2.2.1.- Informe da subdirección de investigación

A subdirección de investigación (SUBDIC) propón que o recurso sexa inadmitido xa que sinala que



"(...) non se produciu indefensión ou prexuízos irreparables a dereitos ou intereses lexítimos da recorrente, co que o recurso interposto por NAVIERA MAR DE ONS S.L. non reuniría os requisitos esixidos polo artigo 47 da LDC e, en consecuencia, debe ser inadmitido de pleno." (p. 14)

2.2.2.- Alegacións

2.2.2.1.- Alegacións de NAVIERA ILLA DE ONS, S.L.

No seu escrito de alegacións ao informe da SUBDIC formulado tras o seu acceso ao expediente alega que NAVIERA MAR DE ONS non motiva de ningún modo por que a nota de peche lle causa indefensión ou prexuízo irreparable e que tanto a nivel xurisprudencial como segundo se desprende da práctica decisonal da CNMC, existe unha interpretación restritiva de ambos os elementos.

Alega NAVIERA ILLA DE ONS, S.L. que o recorrente "(...) non achega a máis mínima motivación de por que a Nota de Peche lle causa indefensión ou prexuízo irreparable." (p. 7 e 8)

Alega que non se limitou ningún medio de defensa á Recorrente, xa que,

- a) NAVIERA MAR DE ONS puido presentar tanto o seu escrito do 10 de febreiro de 2025 como os seus correspondentes complementos de datas 7 de abril e 21 de xullo, nos que expoñía con total liberdade as súas alegacións sobre a conduta de NABIA.
- b) A SUBDIC admitiu a trámite estes escritos e como se recolle explicitamente na Nota de Peche, analizounos de forma exhaustiva.
- c) O Pleno da CGC admitiu o Recurso de NAVIERA MAR e deu traslado para alegacións á SUBDIC e ao resto de interesados.

Por último tamén alega que "(...) tampouco se aprecia o máis mínimo prexuízo irreparable no presente asunto para a Recorrente que, polo demais, tampouco se molestou o máis mínimo en explicar ou acreditar." (p. 10)

2.2.2.2.- Alegacións de VIAJES ILLA DE ONS, S.L.



O seu escrito de alegacións ao informe da SUBDIC formulado tras o seu acceso ao expediente é idéntico ao presentado por NAVIERA ILLA DE ONS, S.L., polo que se remite ao exposto no punto 2.2.2.1

2.2.2.3.- Alegacións de INICIATIVAS TURÍSTICAS DE ONS, S.A.

O seu escrito de alegacións ao informe da SUBDIC formulado tras o seu acceso ao expediente é idéntico ao presentado por NAVIERA ILLA DE ONS, S.L., polo que se remite ao exposto no punto 2.2.2.1

2.2.2.4.- Alegacións de NAVIERA MAR DE ONS, S.L.

No seu escrito de alegacións ao informe da SUBDIC formulado tras o seu acceso ao expediente NAVIERA MAR DE ONS presenta alegacións relacionadas co Informe da SUBDIC con data do 14 de novembro de 2025 e o expediente de vixilancia e outras estrañas ao mesmo.

Alega que aínda que a Nota de Peche non produza indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos de NAVIERA MAR DE ONS, tal acto é susceptible do recurso previsto no art. 47 da LDC.

Volve reiterar o manifestado no seu escrito de interposición do recurso no sentido de considerar que o acto recorrido é un acto administrativo radicalmente nulo, o que repite en varias apartados do seu escrito de alegacións.

Alega que non se pode considerar á Nota de Peche como un acto de trámite, senón un acto de tramite cualificado, un acordo que pecha ou finaliza a vixilancia, polo que se o seu recurso non se admitise a trámite a Nota de Peche constituiría a resolución final, o que consideran que lles causaría un prexuízo irreparable, na medida que NAVIERA MAR DE ONS non podería expor ao Pleno da CGC as cuestións de legalidade do recurso.

Alega NAVIERA MAR DE ONS que esta "parte" "(...) non coñeceu nin puido coñecer as actuacións realizadas pola SUBDIC, como tampouco cuestionar a súa idoneidade para verificar o cumprimento da resolución ata a notificación da NOTA DE PECHE (...)"



Volve a repetir o que xa manifestou no seu escrito de recurso e así fai unha valoración da actuación da SUBDIC na vixilancia da Resolución 8/2019 considerándoa como inadecuada e insuficiente para verificar o incumprimento que afirman denunciara Naviera Mar de Ons S.L. nos seus tres escritos que cualifica de denuncia.

Recoñece expresamente a empresa NAVIERA MAR DE ONS S.L. que

“(…) que xa non existe por parte da empresa concesionaria unha negativa directa a contratar reservas no cámping da illa de Ons se non se contrata o transporte e a viaxe coa navieira e a axencia de viaxes vinculadas á concesionaria do cámping.”

Describe no seu escrito de alegacións unha serie de medidas de estratexia comercial que agora afirma están a executar as empresas NAVIERA ILLA DE ONS, S.L. (Naviera Nabia), VIAJES ILLA DE ONS, S.L. e INICIATIVAS TURÍSTICAS DE ONS, S.A. Declara que as mesmas teñen como finalidade restrinxir todo o posible a liberdade dos usuarios para elixir navieira para o transporte á illa de Ons se queren aloxarse no cámping situado na devandita illa e estima que esa “(…) práctica comercial denunciada, sendo formalmente distinta á sancionada ten a mesma finalidade (…)”.

Considera que a Resolución 8/2019 da CGC “(…) non se limita a obrigar ás empresas para absterse de realizar a conduta sancionada como constitutiva de abuso da posición de dominio, senón tamén aquelas “como as que constitúen o obxecto da presente resolución”. Ao estender esta obriga de non facer a toda conduta que teña o mesmo obxecto exclusionario que o sancionado, a autoridade de competencia busca reforzar a eficacia da resolución no obxectivo de restaurar unha situación de competencia efectiva no mercado do transporte marítimo á illa de Ons.”

Por último, no seu solicito altera o *petitum* do seu escrito de interposición do recurso con data do 15 de outubro de 2025 para solicitar agora tamén que o Pleno resolva que “(…) a Subdirección de Investigación elabore proposta de incumprimento do resolve quinto da resolución 8/2019 para a súa posterior elevación ao Pleno”.

2.3.- Natureza do recurso



A Sección 4.^a do Capítulo I do Título IV da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de Defensa da Competencia regula no artigo 47 a posibilidade de presentar recurso administrativo contra as resolucións e actos ditados polo órgano de instrución, establecendo que:

“Artigo 47. Recurso administrativo contra as resolucións e actos ditados pola Dirección de Investigación.

1. As resolucións e actos da Dirección de Investigación que produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos serán recorribles ante o Consello da Comisión Nacional da Competencia no prazo de dez días.

2. O Consello inadmitirá sen máis trámite os recursos interpostos fóra de prazo.

3. Recibido o recurso, o Consello poñerá de manifesto o expediente para que as partes formulen alegacións no prazo de quince días.”

O Tribunal Supremo na súa sentenza do 16 de novembro de 2018 (recurso 2781/2016) no seu Fundamento de Dereito Primeiro, afirma en relación co art. 47 LDC que:

“Esta previsión específica constitúe unha aplicación do disposto, con carácter xeral, no artigo 107.2 da Lei 30/1992 no ámbito sectorial da defensa da competencia. Prevese un recurso administrativo especial e extraordinario xa que unicamente procede por motivos taxados, isto é, sempre e cando se trate de resolucións que produzan indefensión ou prexuízo irreparable aos dereitos ou intereses lexítimos dos interesados.”

Conforme a iso, os actos e resolucións da SUBDIC que produzan indefensión ou prexuízo irreparable poderán ser recorridos ante o Pleno da CGC, de tal maneira que este recurso só poderá ser admisible por algunha desas dúas razóns: *“cando se trate de resolucións que produzan indefensión ou prexuízo irreparable aos dereitos ou intereses lexítimos dos interesados”*. A sentenza do Tribunal Supremo do 30 de setembro de 2013 (recurso de casación 5606/2010) xa manifestara este extremo ao advertir que os motivos de impugnación fronte a actuacións da Dirección de Competencia (no noso caso a SUBDIC) deben estar baseados unicamente na indefensión ou o prexuízo irreparable que os actos recorridos poidan causar a



dereitos ou intereses lexítimos, e non en ningún outro motivo, e así no seu Fundamento de Dereito Segundo afirma que:

"(...) En efecto, a vía a través da cal é posible a impugnación "anticipada" das resolucións e actos ditados pola Dirección de Investigación é precisamente, na nova Lei 15/2007, de Defensa da Competencia, a establecida no seu artigo 47.1, isto é, o recurso (interno) fronte a unhas e outros ante o Consello da Comisión Nacional da Competencia. Pero non se trata dunha vía que abra a posibilidade a calquera impugnación e por calquera motivo senón exclusivamente a daqueles actos ou resolucións aos que se impute causar indefensión ou provocar "prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos".

No mesmo sentido STS do 21 de novembro de 2014 (recurso de casación 4041/2011) sinala, como xa fixera a sentenza do 30 de setembro de 2013, que:

"(...) Quérese dicir, pois, que tanto o Consello da Comisión Nacional da Competencia como, eventualmente, a Sala da Audiencia Nacional ao xulgar sobre as decisións deste, deben limitarse a revisar os devanditos actos e resolucións da Dirección de Investigación unicamente desde aquela dobre perspectiva. Non é que o axuizamento de tales actos e resolucións quede así impedido senón simplemente, como sucede co resto de actos de trámite ou de instrución dos procedementos sancionadores, diferido ao momento en que recaia a decisión final do procedemento. Será entón cando a parte poida invocar calquera motivo de nulidade das resolucións finais por derivar de actos previos viciados. Pero, repetimos, non cabe no recurso administrativo previsto polo artigo 47.1 da Lei 15/2007 examinar senón a concorrencia das dúas circunstancias que motivaron a súa implantación, isto é, comprobar se as resolucións e actos da Dirección de Investigación produciron indefensión ou ocasionaron prexuízos irreparables. O resto de motivos impugnatorios eventualmente opoñibles fronte a aqueles actos queda reservado, repetimos, ao axuizamento da resolución final do expediente sancionador."

Este mesmo criterio recóllese na sentenza da Audiencia Nacional do 4 de novembro de 2025 (Recurso 1344/2019) que no seu Fundamento de Dereito Terceiro afirma, consonte a citada xurisprudencia do TS que cita, que:

"TERCEIRO.- Sobre os requisitos do artigo 47 da LDC.



Conforme ao sinalado no artigo 47 da LDC, a adopción dunha decisión respecto do recurso interposto por VODAFONE, supón verificar se o acordo da DC do 19 de febreiro de 2019, polo que se denega a condición de interesado de Vodafone no expediente de vixilancia VC/0612/12 TELEFÓNICA/DTS, é susceptible de ocasionar indefensión ou prexuízo irreparable ao recorrente, o que implicaría a estimación do recurso.

Tal e como expresou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo nas súas sentenzas do 30 de setembro de 2013 (recurso 5606/2010) e 21 de novembro de 2014 (recurso 4041/2011), o artigo 47 da LDC non abre a posibilidade a calquera impugnación e por calquera motivo senón exclusivamente a daqueles actos ou resolucións aos que se impute causar indefensión ou provocar "prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos" (e continúa coa cita expresa da sentenza do TS do 21 de novembro de 2014 á que nos referimos)

Da mesma maneira pronunciouse a CNMC na súa Resolución do 9 de xaneiro de 2020 ditada no Expte. R/AJ/131/19, FACTOR IDEAS INTEGRAL SERVICES ao sinalar que: *"Tal e como expresou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo nas súas sentenzas do 30 de setembro de 2013 (recurso 5606/2010) e 21 de novembro de 2014 (recurso 4041/2011), o artigo 47 da LDC non abre a posibilidade a calquera impugnación e por calquera motivo, senón exclusivamente a daqueles actos ou resolucións aos que se impute causar indefensión ou provocar "prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos". Por iso, para o Tribunal Supremo "tanto o Consello da Comisión Nacional da Competencia como, eventualmente, a Sala da Audiencia Nacional ao xulgar sobre as decisións deste, deben limitarse a revisar os devanditos actos e resolucións da Dirección de Investigación unicamente desde aquela dobre perspectiva. Non é que o axuizamento de tales actos e resolucións quede así impedido senón simplemente, como sucede co resto de actos de trámite ou de instrución dos procedementos sancionadores, diferido ao momento en que recaia a decisión final do procedemento. Será entón cando a parte poida invocar calquera motivo de nulidade das resolucións finais por derivar de actos previos viciados"*

Igualmente a CNMC na súa Resolución do 28 de abril de 2025 ditada no Expte. R/AJ/031/25 COCOO volve a Autoridade Nacional de Competencia a declarar que:



"(18) O artigo 47 da LDC regula o recurso administrativo previsto contra as resolucións e actos ditados pola DC dispoñendo que: "As resolucións e actos ditados pola Dirección de Investigación [hoxe Dirección de Competencia] que produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos serán recorribles ante o Consello da Comisión Nacional da Competencia [hoxe Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia] no prazo de dez días".

(19) A prosperabilidade do recurso esixe que o mesmo estea baseado en motivos de indefensión e prexuízo irreparable aos dereitos e intereses lexítimos, polo que o recorrente deberá alegar e demostrar a concorrencia de, polo menos, un dos requisitos"

Non estamos, pois, ante os recursos regulados pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, senón ante o único recurso administrativo previsto pola LDC contra os actos ditados polo órgano instructor en materia de defensa da competencia (neste caso, a SUBDIC). O artigo 47 da LDC regula o recurso administrativo contra as resolucións e actos ditados pola SUBDIC que produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. A xa mencionada sentenza do Tribunal Supremo do 30 de setembro de 2013 advirte de que os motivos de impugnación fronte a actuacións da Dirección de Investigación deben estar baseados unicamente na indefensión ou o prexuízo irreparable que os actos ou acordos que se recorren poidan causar a dereitos ou intereses lexítimos, e non en ningún outro motivo xa que como vimos, manifesta textualmente o TS que:

"(...) non se trata dunha vía que abra a posibilidade a calquera impugnación e por calquera motivo senón exclusivamente a daqueles actos ou resolucións aos que se impute causar indefensión ou provocar "prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos".

Por tanto, neste recurso examínase se na actuación recorrida a SUBDIC causou indefensión e/ou un prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos de NAVIERA MAR DE ONS S.L. Esta empresa alegou no recurso tanto indefensión como prexuízos irreparables polo acordo de Nota de Peche da SUBDIC do 2 de outubro de 2025.

2.4.- Cuestión previa: vixilancia no cumprimento das obrigacións.



Dispón o Art. 41 da Lei 15/2007 baixo o título "Vixilancia do cumprimento das obrigacións, resolucións e acordos" o seguinte:

"1. A Comisión Nacional da Competencia vixiará a execución e o cumprimento das obrigacións previstas na presente Lei e as súas normas de desenvolvemento así como das resolucións e acordos que se adopten en aplicación da mesma, tanto en materia de condutas restritivas como de medidas cautelares e de control de concentracións.

A vixilancia levarase a cabo nos termos que se establezan regulamentariamente e na propia resolución da Comisión Nacional da Competencia ou acordo de Consello de Ministros que poña fin ao procedemento.

A Comisión Nacional da Competencia poderá solicitar a cooperación dos órganos autonómicos de defensa da competencia e dos reguladores sectoriais na vixilancia e cumprimento das obrigacións, resolucións e acordos.

2. En caso de incumprimento de obrigacións, resolucións ou acordos da Comisión Nacional da Competencia, o Consello da Comisión Nacional da Competencia resolverá, a proposta da Dirección de Investigación, sobre a imposición de multas sancionadoras e coercitivas, sobre a adopción doutras medidas de execución forzosa previstas no ordenamento e, no seu caso, sobre a desconcentración"

Pola súa banda, o Real Decreto 261/2008, do 22 de febreiro, dispón no seu art. 42, sobre "Vixilancia do cumprimento das obrigacións e resolucións do Consello da Comisión Nacional da Competencia" que:

"1. Para efectos do establecido no artigo 41 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, o Consello da Comisión Nacional da Competencia, ao adoptar a resolución ou o acordo que impoña unha obrigación, deberá advertir ao seu destinatario do prazo de que dispón para cumprilo, apercibíndolle da contía da multa coercitiva que, en caso de incumprimento, lle poderá ser imposta por cada día de atraso nos termos previstos no artigo 67 da Lei 15/2007, do 3 de xullo.



2. Unha vez que a resolución ou o acordo sexan executivos, a Dirección de Investigación levará a cabo todas as actuacións precisas para vixiar o seu cumprimento.
3. Cando a Dirección de Investigación estime un posible incumprimento das obrigacións e resolucións do Consello da Comisión Nacional da Competencia poderá elaborar un informe de vixilancia que será notificado aos interesados para que, no prazo de quince días, formulen as alegacións que teñan por convenientes.
4. Recibidas as alegacións dos interesados e, no seu caso, practicadas as actuacións adicionais que se consideren necesarias, a Dirección de Investigación remitirá o informe de vixilancia ao Consello da Comisión Nacional da Competencia para efectos de que este declare o cumprimento das obrigacións impostas, ou ben declare o seu incumprimento.
5. A resolución do Consello da Comisión Nacional da Competencia que declare o incumprimento dunha obrigación poderá impoñer a multa coercitiva correspondente, segundo o establecido no artigo 21 deste Regulamento.”

Destes artigos dedúcese, como sinala a xurisprudencia (STS do 8 de maio de 2018 – Recurso 527/2016), que o procedemento de vixilancia non ten carácter sancionador nin que as resolucións que se adopten como consecuencia dese procedemento poden condicionar en forma algunha un eventual posterior procedemento sancionador.

O procedemento de vixilancia ten por finalidade examinar o estado de cumprimento das obrigacións impostas neste caso polo Pleno da CGC, e en caso de constatare o seu incumprimento, se poida acordar a incoación dun expediente sancionador por unha infracción moi grave que tipifica o artigo 62.4.c) da LDC.

Nese procedemento de vixilancia a SUBDIC deberá executar as actuacións precisas para acreditar o cumprimento das obrigacións derivadas do expediente sancionador, elaborar un informe de vixilancia, que será notificado aos interesados para que presenten alegacións e remitir todo iso ao Pleno da CGC para que este declare o cumprimento ou non das mesmas.



A sentenza do TS do 22 de maio de 2019 (recurso 1299/2018) fixou a seguinte doutrina xurisprudencial en relación coa finalidade dun expediente de vixilancia: e a declaración que nel se pode realizar en caso de incumprimento:

"A declaración de incumprimento realizada nun procedemento de vixilancia de Defensa da Competencia, ten un alcance limitado (verificar o estado de cumprimento dunha obrigaón) e circunscrita ao momento en que se desenvolveu o procedemento, e ten por finalidade incentivar o cumprimento da obrigaón. Pero este pronunciamento non prexulga o resultado dun posterior procedemento sancionador nin implica a declaración dunha responsabilidade pola comisión dunha infracción, especificamente a existencia dunha infracción grave contemplada no artigo 62.4.c) da Lei de Defensa da Competencia"

Pero tamén hai que ter en conta que no marco dun expediente de Vixilancia a autoridade de competencia esta non pode modificar, agravar ou innovar as obrigaóns que previamente impuxese nunha resolución sancionadora, pois, como vimos, o obxecto destes procedementos de vixilancia está limitado a constatar o estado de cumprimento desas obrigaóns e non pode ser o instrumento para realizar unha reconsideración das obrigaóns inicialmente impostas ao sancionado. A garantía na protección dos dereitos do sancionado esixe a posibilidade deste de exercer o seu dereito á defensa en caso de imputación de feitos, actuacións que poidan ser valoradas como unha infracción da LDC que non foron examinadas na Resolución sancionadora nin contra as cales ese operador económico se puidera defender ou alegar.

